

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONTINUIDADE E DE DESENVOLVEMENTO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En Santiago de Compostela, 18 MAYO 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte Don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, Don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela con CIF Q1518001A e endereço no Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC).

Todas as Partes actuando na representación que ostentan, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de colaboración e a tal efecto,

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.-** Que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia promover a investigación en virtude das competencias que en dita materia lle confire o artigo 27, 19 do seu Estatuto de Autonomía.



Así mesmo, a Lei 8/2008 de 10 de xullo de Saúde de Galicia, no seu título X, capítulo II, determina que as actividades de investigación fomentaranse no sistema sanitario de Galicia como elemento fundamental para o seu progreso e que, para tal fin, a Consellería de Sanidade participará nas políticas e no establecemento de prioridades de investigación no eido da saúde. Por outra banda, as normas de estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde fan referencia á importancia da docencia e investigación sanitarias no ámbito da Comunidade Autónoma, asignando as correspondentes funcións aos seus órganos e unidades.

**SEGUNDO.-** Que a USC é unha entidade pública de investigación de carácter multisectorial e pluridisciplinario que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico en numerosos campos e, en particular, en Ciencias Biomédicas.

Que os estatutos da USC aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, sinalan no seu artigo 4 entre outras funcións da universidade, a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social; a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida; o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.

**TERCEIRO.-** Que o 31 de xaneiro de 2008 as partes asinaron un convenio a través do cal acordaban a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), recoñecido polo Instituto de Salud Carlos III como Instituto Acreditado de acordo co Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño sobre Acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria (BOE de 5 de xullo de 2016).

**CUARTO.-** Que é obxectivo das partes consolidar un polo de referencia a nivel internacional en investigación biomédica, para o cal precisase acadar unha masa crítica e xeración de sinerxías que permitan unha maior eficiencia da labor investigadora levada a cabo por ambas institucións. Que todas as partes, no exercicio das súas respectivas facultades e entendendo beneficioso para todas elas a colaboración nas materias da súa competencia, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes



## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO

1.1 Mediante este Convenio as partes acordan a continuidade do Instituto de investigación sanitaria (IDIS) a través da asociación das unidades de investigación da USC e do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, de conformidade con previsto no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

1.2. É obxectivo das partes asinantes e do propio IDIS, manter a acreditación prevista no Real Decreto 279/2016.

### 2. SEDE

O IDIS continuará tendo a súa sede en Santiago de Compostela.

### 3. MEMBROS

3.1. O IDIS actualmente está constituído pola Consellería de Sanidade e a USC.

3.2. Sen prexuízo do anterior, establecése a posibilidade de inclusión de novos integrantes, coa finalidade de incorporar novos grupos de investigación que potencien os obxectivos do IDIS.

A incorporación de novos membros realizarase previa solicitude dos mesmos, e aceptación das condicións de admisión que, no seu caso, estableza o IDIS. A incorporación terá efecto unha vez exista acordo expreso do IDIS, e se acepten expresamente as súas condicións.

3.3. Os membros do IDIS comprométense a manter a súa participación no mesmo, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, debendo, no seu caso, manifestar expresamente a súa renuncia cunha antelación mínima de seis (6) meses.

Neste caso, os órganos de decisión do IDIS determinarán a forma de cumplir os compromisos pendentes e as condicións en que deba realizarse.



#### **4. FUNCIÓN DO IDIS**

O IDIS levará a cabo actividades de investigación nas liñas por el priorizadas, sendo referente a investigación do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, a da USC e as súas áreas de influencia e terá como funcións as seguintes:

- Fomentar a colaboración entre investigadores de ámbito básico, clínico, de saúde pública e de servizos de saúde.
- Promover a investigación translacional e a innovación que poidan ter aplicacións e repercuśóns clínicas.
- Fomentar a colaboración entre os centros de investigación do IDIS e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico, estatal ou supraestatal.
- Favorecer e desenvolver programas e proxectos de investigación ou de formación de investigadores, prestando especial atención á formación científica de profesionais sanitarios.
- Fomentar o incremento da “masa crítica” a nivel local, as sinerxias e o uso eficiente das infraestruturas dispoñibles.
- Fomentar a participación de grupos de investigación en estruturas de investigación en rede.
- Fomentar a difusión dos resultados da investigación, así como a captación de recursos financeiros, públicos ou privados, para o mantemento da súa actividade.

#### **5. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO E CUMPRIMENTO DO CONVENIO**

5.1. Denominación: para os efectos do presente convenio, a Comisión de Mixta de seguimento e cumprimento do convenio, denominada Consello Reitor, constituída ao abeiro do preceptuado no artigo 49 da *Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público*, ten como función profundizar e desenvolver o presente convenio, así como interpretar as dúbihdas ou discrepancias que puidesen formularse ao longo da súa vixencia.

Dita comisión actuará de acordo coas normas de funcionamento previstas para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

5.2. A Comisión Mixta será o órgano colexiado que durante a vixencia do convenio e baixo a denominación de Consello Reitor, asuma as funcións de dirección e representación aos efectos establecidos no artigo 4 do Real decreto 279/2016, de 24 de xuño. A súa composición será a seguinte:

a) Presidente/a: o/a titular da Consellería de Sanidade, ou persoa en quen delegue.



- b) Vicepresidente/a: o/a reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- c) Oito Vogais, catro designados pola Consellería de Sanidade e outros catro polo Reitor da USC.
- d) O/a Director/a Científico/a que terá voz, pero non voto nas sesións do Consello Reitor.
- e) O Secretario/a, de acordo co establecido na cláusula 5.6.

#### 5.3. Son funcións Do Consello Reitor as seguintes:

- a) Fixar o domicilio da sede do IDIS.
- b) Establecer os criterios necesarios para o cumprimento dos fins do IDIS.
- c) Adoptar as medidas precisas para o mellor cumprimento dos fins determinados no presente convenio.
- d) Resolver sobre a incorporación de novos membros ou a saída dos existentes.
- e) Aprobar o Plan estratéxico e de calidade do IDIS, de acordo aos requisitos previstos na normativa aplicable en materia de acreditación de institutos de investigación sanitaria.
- f) Aprobar a proposta de distribución dos fondos que se lle atribúan ás entidades conveniadas en función da súa actividade.
- g) Aprobar os plans de actuación e formación e avaliar os resultados.
- h) Aprobar a Memoria Anual.
- i) Aprobar as medidas propostas polo Comité Científico Externo e avaliar os seus resultados.

#### 5.4. Correspondelle á/ao presidenta/e do Consello Reitor o exercicio das seguintes funcións:

- a) Convocar, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións do Consello Reitor, dispoñendo de voto dirimente en caso de empate. Tamén poderá presidir as sesións doutros órganos colexiados que puideran crearse en función das necesidades de xestión.
- b) Velar polo estrito cumprimento deste Convenio, dos acordos adoptados e, en xeral, das normas legais aplicables en cada caso.
- c) Autorizar, co seu visto e prace, as actas das sesións do Consello Reitor.

#### 5.5. O Vicepresidente/a substituirá ao/á Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade deste/a.

Tamén asumirá as funcións que lle sexan singularmente encomendadas pola Presidencia ou polo Consello Reitor.

5.6. A secretaría será exercida por un dos membros do Consello Reitor ou no seu caso por unha persoa nomeada por esta polo Consello Reitor para estes efectos. Neste caso actuará con voz,

pero sen voto. Dará fe dos acordos adoptados e será o custodio da documentación administrativa.

5.7. O Consello Reitor someterá a súa actuación, no non previsto neste Convenio, ás normas administrativas e de funcionamento dos órganos colexiados.

## 6. ORGANIZACIÓN CIENTÍFICA

6.1. O IDIS canalizará e levará a cabo a actividade investigadora nas áreas temáticas de maior impacto sanitario para a poboación de referencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, así como nas de maior oferta científica polos grupos e centros de investigación da USC, tanto na área biomédica como naquelas que supoñen unha oportunidade estratéxica, por ser unha prioridade dos seus membros no relativo a problemas de saúde ou áreas transversais ou liñas emerxentes, de acordo cos seus fins.

6.2. O Consello Reitor determinará as liñas de investigación e áreas temáticas que se incorporarán como anexo a este convenio.

Estas liñas e áreas de investigación serán revisadas periodicamente a través do Comité Científico Externo, e ratificadas ou modificadas por acordo do Consello Reitor.

Unha vez constituídas, cada liña de investigación disporá dun coordinador, responsable do seu desenvolvimento, a proposta do/a director/a científico/a co asesoramento do Comité Científico Externo.

6.3. O Consello Reitor, por proposta da Presidencia, designará a un/unha Director/a Científico/a para o exercicio das seguintes funcións:

- a) Propoñer ao Consello Reitor o Plan Estratégico e de Calidade, así como os plans anuais de actuación e velar pola súa execución.
- b) Dirixir e xestionar a actividade científica do Instituto.
- c) Propoñer ao Consello Reitor un programa de avaliación da investigación realizada co asesoramento do Comité Científico Externo.
- d) Propoñer ao Consello Reitor un programa de tutela de grupos emerxentes de investigación.
- e) Informar anualmente ao Consello Reitor, segundo lle sexa solicitado, dos resultados das actividades científicas realizadas, elaborando unha memoria e informe científico, que se incorporará á Memoria Anual do IDIS.

(f) Propoñer ao Consello Reitor os coordinadores responsables do desenvolvemento das liñas de investigación, nos que poderá delegar o exercicio de funcións propias do seu cargo.



g) Exercer aquelas funcións que, no seu ámbito lle sexan singularmente encomendadas polo Consello Reitor , ou pola Presidencia.

6.4. Designarase un Comité Científico Externo que terá por obxecto velar pola calidade científica das actividades realizadas polo IDIS, e contribuír á súa mellora. Estará integrado por investigadores de recoñecido prestixio e/ou xestores de investigación de alta cualificación, con experiencia contrastada na xestión de grandes centros ou programas de investigación que acrediten ausencia de conflito de interese, que a súa composición cumpra cos principios de igualdade de xénero e, alomenos, un dos membros teña residencia fora de España

Serán funcións do Comité Científico Externo as seguintes:

- a) Avaliar a actividade científica realizada no IDIS.
- b) Formular as propostas que estimen convenientes para adopción das medidas necesarias para a mellora da calidade da investigación.
- c) Asesorar á Dirección Científica naqueles temas que requirian coñecemento especializado.

6.5. O IDIS disporá dunha Comisión de Investigación aprobada polo Consello Reitor a proposta do Director Científico. Esta Comisión actuará como asesora da Dirección Científica, nos temas que requira e será a encargada de emitir os informes necesarios para as convocatorias de proxectos, cando participen investigadores do IDIS.

6.6. O IDIS agrupará e organizará a súa actividade a través dos grupos de investigación pertencentes ás estruturas das entidades asinantes deste convenio, ou outros que se incorporen con posterioridade, de conformidade co previsto neste acordo. Cada grupo de investigación terá un “investigador líder de grupo”, que desenvolverá a súa actividade científica no instituto, e deberá ser persoal investigador ou clínico adscrito ao Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela ou ao Hospital Lucus Augusti ou persoal docente-investigador da USC (con ou sen praza vinculada), ou investigadores do IDIS que cumpran os criterios establecidos na guía de acreditación do Instituto de Salud Carlos III.

## 7. FORMACIÓN

O IDIS poderá participar nas actividades formativas das entidades asinantes. Tamén poderá realizar un Plan de Formación, aprobado polo Consello Reitor, que poderá estruturarse en distintos niveis de formación, e abranguerá a participación do persoal propio tanto na formación específica como na de Grao, Posgrao e Doutoramento. As actividades de formación terán en

conta aos profesionais residentes e ao persoal sanitario e tamén ao persoal en formación e bolseiro.

As áreas temáticas do Plan Específico de Formación versarán sobre as diferentes metodoloxías de investigación experimental, clínica e epidemiolóxica, no marco das liñas estratéxicas priorizadas, potenciando a investigación translacional.

O Plan de formación conterá necesariamente mecanismos de avaliación das actividades formativas que se levan a cabo para os efectos da súa inclusión na Memoria Anual do IDIS.

## **8. INCORPORACIÓN DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN E INVESTIGADORES AO IDIS**

A incorporación de novos grupos ao IDIS realizarase mediante unha convocatoria aberta, alomenos, de carácter anual na que se recollerán os requisitos mínimos esixidos para cada unha das categorías existentes no IDIS. Periodicamente esas categorías e requisitos serán revisados por se fora necesario facer algunha modificación ao respecto, sempre supeditado ao informe previo do Comité Científico Externo e á aprobación do Consello Reitor do IDIS.

No caso de que as solicitudes inclúan a algún investigador da USC deberá ser solicitarse autorización previa á USC, a través do Vicerreitorado de Investigación e Innovación.

A aprobación da adscrición dun Grupo ao IDIS implica a consideración de Investigadores adscritos ou vinculados dos investigadores rexistrados como membros do mesmo.

Deberá definirse a condición de investigador adscrito ou vinculado así como o procedemento de adscrición ou vinculación de investigadores e doutro persoal ao IDIS. Complementariamente deberán definirse outras categorías (investigador colaborador, etc.), así como os requisitos e criterios a ter en conta para súa vinculación.

## **9. XESTIÓN DE SERVIZOS E DA INVESTIGACIÓN**

9.1. Para mellor desenvolvemento do seu obxecto e finalidades, o IDIS poderá solicitar ás entidades asinantes deste convenio que concerten con entidades públicas ou privadas, corporacións ou particulares, os programas e actuacións adecuadas para o desenvolvemento e consecución dos seus obxectivos, utilizando as formas e técnicas de cooperación, asociación, contratos-programa ou xestión de servizos, que se mostren máis eficaces para a satisfacción dos interese que ten encomendados o Instituto.

9.2. Impulsarase a xestión vía a Fundación IDIS dos proxectos que promovan a competencia do instituto de Investigación independentemente das institucións de procedencia. As partes asinantes deste convenio poderán establecer que a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do IDIS (Fundación IDIS) e o Vicerreitorado de Investigación e Innovación da USC sexan as estruturas encargadas da xestión da investigación realizada polo persoal do Instituto.

9.3. As Partes acordan designar unha Comisión Técnica que permita consolidar os procesos de xestión para integrar de forma eficiente as actividades de I+D dos IPs adscritos ao IDIS. A comisión estará integrada por dous membros propostos pola Consellería de Sanidade, outros dous propostos pola Universidade de Santiago de Compostela, e polo Director Científico do IDIS (ou persoa na que delegue), que actuará como secretario da comisión con voz, pero sen voto. Serán funcións da Comisión Técnica a revisión dos seguintes aspectos:

- Definición do proceso e criterios de incorporación de grupos ao IDIS.
- Definición do réxime de xestión e uso de infraestruturas e servizos de apoio á investigación.
- Procedemento de solicitude e xestión dos proxectos de investigación derivados dos programas científicos do IDIS.
- Definición dun marco ordenado para a determinación e xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial xerados polas actividades de I+D desenvoltas no marco do IDIS.
- Réxime de uso da Imaxe Científica Corporativa e visibilidade institucional.
- Establecer un marco formal que permita a operatividade e mobilidade do persoal.
- Protocolo conxunto para a xestión da información sobre as actividades de I+D e a producción científica.
- Definición de pautas e espazos de gobernanza que permita o seguimento dos aspectos propostos nos puntos anteriores.

9.4. Os procedementos de adscrición ou vinculación de investigadores ao Instituto, a xestión dos proxectos de investigación, a xestión dos dereitos de propiedade intelectual e o réxime de uso da imaxe corporativa e visibilidade institucional, inicialmente establecidos por acordo do Consello Reitor, recóllense no Anexo Técnico. Este Anexo poderá ser modificado polo acordo do Consello Reitor a proposta da Comisión técnica.



O seguimento de toda a normativa contemplada nestas propostas serán revisadas de forma periódica pola comisión técnica que elevará á Dirección Científica do IDIS as modificacións que estimen oportunas, para que, no seu caso, as someta a aprobación polo Consello Reitor. En todo caso, a comisión técnica deberá reunirse polo menos cada 6 meses e a convocatoria para dita reunión poderá ser realizada indistintamente polo Vicerreitor de Investigación da USC ou polo Director Científico do IDIS. Adicionalmente, tamén se deberá convocar á Comisión técnica antes de cada Comisión Reitora para poder revisar previamente as cuestiósns a tratar na mencionada comisión.

## 10. PROPIEDADE DE RESULTADOS

Se as actividades de investigación desenvolvidas no Instituto por parte de investigadores adscritos desen lugar a resultados susceptibles de ser considerados como propiedade industrial, a súa propiedade será proporcional ao número de inventores adscritos ao IDIS vinculados as entidades asinantes deste convenio e á importancia da contribución de cada un deles á invención, segundo en cada caso se determine.

O reparto dos beneficios e os gastos xerados faranse en proporción á titularidade das entidades asinantes deste convenio e de acordo coa normativa interna de cada unha das institucións, podendo, de mutuo acordo, volver a negociar as porcentaxes en cada caso concreto.

No caso que as actividades de investigación establezan que parte dos devanditos dereitos corresponden á entidade financiadora, a condición anterior só aplicaríase para a parte deses dereitos que segundo o acordo pertenza ás institucións.

Os trámites de rexistro dos dereitos de propiedade industrial serán realizadas por cada unha das partes asinantes deste convenio a través dos órganos de xestión que correspondan, conforme á Cláusula 9.2 deste Convenio, dependendo da pertenza dos inventores, sendo, en calquera caso, comunicado á outra parte con suficiente antelación para que sexa posible valorar por ambas partes a súa tramitación. Os gastos derivados do rexistro e mantemento serán sufragados por cada institución en forma porcentual aos dereitos que lle correspondan.

Respecto á titularidade dos dereitos de propiedade intelectual será de aplicación a Lexislación



## **11. ORZAMENTO E PARTICIPACIÓN EN INVESTIMENTOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO**

11.1. Con respecto aos investimentos, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a USC poñerán a disposición do cumprimento dos obxectivos deste convenio os espazos e infraestruturas necesarias. Os espazos de traballo cumplirán coas normas de seguridade que marca a lexislación vixente.

11.2. Os entes conveniados poñerán a disposición dos investigadores as infraestruturas necesarias para a súa utilización nos obxectivos de investigación do Instituto. A titularidade das infraestruturas permanecerá nas institucións cedentes.

11.3. Os bens que se poñan a disposición dos investigadores do Instituto ao amparo deste convenio reflectiranse nun inventario subscrito por ambas partes, ben sexa no momento da sinatura deste convenio ou nun momento posterior, sempre antes da posta a disposición efectiva dos mesmos.

11.4. O Consello Reitor, a iniciativa do Director Científico, propoñerá ás entidades conveniadas a aprobación de gastos de funcionamento que se dediquen aos obxectivos deste convenio. Na medida que este financiamento se obteña a través de actividades científicas finanziadas polas distintas axencias públicas ou privadas, parte deste financiamento poderá destinarse a achegar recursos en especie que garantan o funcionamento do Instituto.

## **12. XESTIÓN E USO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN**

As Partes comprométense a elaborar un "Mapa de Infraestruturas e Servizos" no que se visualicen as plataformas, infraestruturas e servizos de cada unha das institucións. A política de xestión e uso das infraestruturas e servizos contemplará o acceso igualitario dos investigadores adscritos ao IDIS.

## **13. RÉXIME DE USO DA IMAXE CIENTÍFICA CORPORATIVA E VISIBILIDADE INSTITUCIONAL**

A normativa para a sinatura en publicacións ou en ámbitos de difusión dos resultados e actividades (artigos, comunicacións, relatorios, participación en congresos, patentes, aparición en medios de comunicación...) asociadas a investigadores do instituto, incluirá un modelo de sinatura para que sexa homoxénea no que deberá figurar sempre o nome completo do instituto (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela-IDIS) e a institución ou institucións de orixe dos investigadores participantes.



Cada unha das institucións dispoñen dun manual de identidade corporativa que deberá ser de uso obligatorio en todo aquel elemento gráfico que inclúa logotipos.

Establécese que en tódalas publicacións nas que un dos autores forme parte do IDIS, debe aparecer sempre na sinatura do traballo a referencia ao IDIS, así como á institución de filiación segundo corresponda (USC ou SERGAS) e será requisito indispensable para o seu recoñecemento.

Tanto o manual de identidade corporativa como a filiación que debe poñerse nos traballos dos investigadores enviaránselle a tó dolos investigadores do IDIS para o seu obrigado cumprimento.

#### **14. OPERATIVIDADE E MOBILIDADE DO PERSONAL**

O persoal de cada unha das institucións que constitúen o IDIS poderá utilizar a totalidade dos espazos dependentes do Instituto e regularase de acordo coa normativa vixente de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

#### **15. VIXENCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de catro anos, podendo ser renovado unha soa vez por outros catro anos.

Será causa de resolución do presente Convenio:

- O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.
- O incumprimento das obrigas que a cada parte corresponden previa reunión do Consello Reitor.
- O transcurso do prazo de vixencia pactado.

#### **16. NATUREZA E SEGUIMENTO DO CONVENIO**

O presente Convenio ten natureza administrativa. As cuestíons litixiosas que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento, e que non sexan resoltas no órgano de seguimento, serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

#### **17. REGISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida fazer públicos os datos de carácter

persoal e demais especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

E para que conste, en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en catro exemplares, en cada unha das súas follas, no lugar e a data anteriormente citadas.

Pola Universidade de Santiago de  
Compostela



Asdo. Antonio López Díaz

Pola Consellería de Sanidade e o Servizo  
Galego de Saúde



Asdo. Julio García Comesaña

## ANEXO TÉCNICO

### **1. Incorporación de grupos e investigadores ao IDIS.**

1.1. Ao longo do ano 2021 realizarase unha análise da vinculación dos investigadores actualmente adscritos ao IDIS e a súa relación e alíñamento coas liñas e actividade científica do instituto.

### **2. Xestión e uso de infraestruturas e servizos de apoio á investigación.**

2.1. Ao longo do ano 2021, co obxectivo de aproveitar os recursos e evitar así duplicidades, as Partes comprométense a elaborar o "Mapa de Infraestruturas e Servizos" no que se visualicen as plataformas de cada unha das institucións (SERGAS, USC, Fundación IDIS).

2.2. Detallarase a carteira de servizos, tarifas de uso interno, localización, horario de funcionamento, persoa responsable, normas de acceso e procedemento de cada unha das plataformas, infraestruturas e servizos.

### **3. Solicitud e Xestión de proxectos e actividades de investigación**

3.1. Impulsarase a xestión vía a Fundación IDIS, como estrutura encargada da xestión da investigación realizada polo persoal do Instituto, dos proxectos que promovan a competencia do instituto de Investigación independentemente das institucións de procedencia. Neste sentido, alomenos, aqueles proxectos que se enmarquen dentro das convocatorias da *Acción Estratégica en Salud do Instituto de Salud Carlos III*, serán xestionados a través da Fundación IDIS.

3.2. As Partes acordan un réxime de compensación entre institucións para as actividades de investigadores adscritos ao IDIS conforme ao seguinte:

- O 30% dos custos indirectos corresponderán á entidade xestora da actividade de investigación.
- O 70% restante corresponderá á entidade á que pertenzan os investigadores principais do proxecto (IPs), salvo no caso dos investigadores mixtos que lle corresponderán á entidade na que, efectivamente, execútese a actividade de investigación.
- Estas porcentaxes poderán ser revisadas e valorarase a necesidade de realizar algúnhha modificación.

3.3. Toda as actividades xeradas polos grupos e investigadores do IDIS será imputable a efectos de indicadores de produtividade do Instituto, sen que isto poda ir en menoscabo do recoñecemento que ditas actividades poda ter para o SERGAS ou para a USC.

3.4. Os proxectos europeos financiados con fondos de la Unión Europea quedan expresamente excluídos desta proposta.

### **4. Definición dun marco ordenado para a determinación e xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial xerados polas actividades de I+D desenvoltas no marco do IDIS.**

4.1. É necesario definir un marco ordenado para a correcta xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial xerados polas actividades de I+D levadas a cabo no marco do IDIS.

4.2. Este marco debe facer referencia á lexislación actual en materia de propiedade industrial e intelectual á vez que contemple, respecte e agrupe as distintas normativas internas xa



existentes nas entidades que conforman o IDIS segundo o estipulado na cláusula 3.1: USC e a Consellería de Sanidade.

4.3. Con todo, este marco debe ser unha ferramenta técnica, áxil, eficiente e colaborativa á hora de xestionar os procesos de valorización e transferencia de coñecemento, así como do emprendemento. A normativa sobre dereitos de propiedade intelectual e industrial desenvolverase nunha guía técnica que estará accesible a tódolos investigadores IDIS.

## 5. Réxime de uso da imaxe científica corporativa e visibilidade institucional

Establécese que en tódalas publicacións nas que un dos autores forme parte do IDIS, debe aparecer sempre na sinatura do traballo a referencia de filiación segundo corresponda::

*Investigadores da USC vinculados ao IDIS:*

Nome do autor

Grupo (se procede)

Filiación: Departamento ou outra Estrutura (obrigatorio polo menos un), IDIS, Universidade de Santiago de Compostela (obrigatorio), Dirección postal

*Investigadores do CHUS adscritos/vinculados ao IDIS:*

Nome do autor

Grupo (se procede)

Filiación: Servizo ou outra Estrutura (obrigatorio polo menos un), IDIS, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (obrigatorio), Dirección postal

*Investigadores Mixtos USC-CHUS adscrito/vinculados ao IDIS:*

Nome do autor

Grupo (se procede)

Filiación 1: Servizo ou outra Estrutura (obrigatorio polo menos un), IDIS, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (obrigatorio), Dirección postal

Filiación 2: Departamento ou outra Estrutura (obrigatorio polo menos un), IDIS, Universidade de Santiago de Compostela (obrigatorio), Dirección postal

## 6. Protocolo conxunto para a Xestión da información sobre as actividades de I+D e a producción científica

A lo largo del año 2021 desarrollarseá una ferramenta de xestión integral, compatible cos sistemas de información de ambas institucións para que haga un seguimiento conxunto dos indicadores de actividade do IDIS. A ferramenta deberá permitir a trazabilidade de investigadores, colaboracións, proxectos solicitados e adxudicados, fondos conseguidos e resultados obtidos permitindo así o seguimiento da xestión por parte de cada unha das institucións.



**ANEXO**  
**LIÑAS DE INVESTIGACIÓN**

- Envellecemento saudable.
- Oncoloxía translacional.
- Nanomedicina.
- Obesidade e comorbilidades.
- Vacinas.
- Novas terapias.
- Medicina rexenerativa.
- Medicina personalizada.
- Enfermidades raras.

